

## SARMIENTO TOPONOMÁSTICO. O TOPÓNIMO *MEZQUITA*

Gonzalo Navaza  
*Universidade de Vigo*

A viaxe a Galicia de 1745 marca un punto de inflexión na biografía intelectual de Sarmiento. Instalado no mosteiro de San Martín de Madrid desde 1828, durante todo ese tempo de reclusión e estudo foi interesándose cada vez máis en dous campos da ciencia: a historia natural, principalmente a botánica, e as etimoloxías das voces vulgares. Ós cincuenta anos de idade e despois de tres lustros entregado ós libros, a propia evolución do seu pensamento demandaba un achegamento directo, empírico, ó obxecto do seus intereses:

Por los años de 44 tenía la cabeza llena y atestada de nombres, pero sin poseer las ideas de las cosas. Sólo sabía las voces y hablaba de ellas como un papagayo, y suspiraba no poco por ver los significados. (*Onomástico*, § 188)

Dese xeito iniciou a súa viaxe cun planificado propósito de facer *traballo de campo*:

«Tomé y llevé conmigo un libro en cuarto y en blanco para ir escribiendo en él mi Diario de todos mis Viajes. Apunté todos los lugares por donde pasaba y todas las inscripciones con que tropezaba. también apunté todos los vegetables que veía...»<sup>1</sup>

Anos atrás comezara Sarmiento a descubrir probas do esplendor literario de Galicia durante a Idade Media (as Cantigas de Afonso X, a carta-proemio do Marqués de Santillana ó Condestable de Portugal...), testemuño do pasado ilustre da súa propia lingua da infancia, que na época era vítima de burlas e menosprezos que o sabio beneditino combateu con entusiasta enerxía patriótica. En última instancia, case toda a súa obra está animada por esa enerxía. Na viaxe a Galicia de 1745 prodúcese o reen-

Gonzalo Navaza

contro coa lingua materna, e non só a falada, senón tamén a escrita dos innumerables instrumentos antigos que ten ocasión de ler nos arquivos dos mosteiros. Dese xeito, Sarmiento dá comezo á historia dos estudos lingüísticos sobre o galego abordando o idioma desde a perspectiva sincrónica, a partir da fala viva, e tamén a diacrónica, o que lle permite ir descubrindo os trazos significativos das evolucións fonéticas.

O seu interese polas etimoloxías centrábase principalmente na lingua castelá antes da viaxe de 1745, e foi a propia viaxe, e o reencontro co galego, o que reorienta a súa atención cara a esta lingua:

En el tiempo que me detuve en aquel reino procuré recapacitar lo poco que había mamado de la lengua gallega, y hice especial estudio de recoger y escribir todas cuantas voces oía hablar a los rústicos, y muchas latinas y gallegas, que por acaso leía en algunos instrumentos antiguos. En especial era mi principal estudio en recoger las voces pertenecientes a la Historia Natural en toda su extensión, de árboles, arbustos, hierbas, peces, conchas, mariscos, insectos, animales, aves y algunas de minerales. Añadiendo a lo dicho las voces geográficas de lugares, montes, ríos, puentes, etc., que pasé en mis jornadas por Galicia. Llegué a escribir cien pliegos de esta mi letra. (*Onomástico*, § 189)

Non se pode entender esta reorientación sen o compoñente reivindicativo: o establecemento das etimoloxías das voces vulgares galegas *reducíndoas ó latín* é un xeito de proceder a unha *defensa e ilustración* da súa lingua materna.

Tal como explica el mesmo, o principal obxecto da súa atención no tempo da viaxe de 1745 eran as voces pertencentes á historia natural en toda a súa extensión. O feito de centrarse no léxico patrimonial, nas *voces vulgares*, constitúe un acerto metodolóxico de extraordinaria importancia, pois a exclusión de cultismos e «voces extrañas y sexquipedales» é o que lle vai permitir descubrir regularidades no paso do latín ó romance e establecer leis de evolución fonética (os famosos «teoremas» dos *Elementos etimológicos según el método de Euclides*). Se no comezo desa viaxe de 1745 se interesaba sobre todo polos apelativos da historia natural, a preocupación pola toponimia xorde na propia viaxe a raíz do exame dos documentos antigos, e maniféstase especialmente na segunda viaxe, a de 1754, para adquirir corpo no *Onomástico*. É certo que na primeira viaxe xa se ocupara de etimoloxías toponímicas, pero na maior parte dos casos facíao en relación co léxico común. Na de 1754, a toponimia pasa a constituír obxecto de interese en si mesmo, e no *Onomástico* aparecerán sistematizados os resultados. Nesa sistematización debemos salientar tres aspectos:

- a) A propia idea de que a toponimia constitúe sistema. Encara os topónimos procurando parentes noutras áreas de Galicia ou de fóra dela e organízao en familias léxicas e en grupos ou clases.
- b) O emprego da documentación antiga para o establecemento das etimoloxías. O interese polas formas con que aparecen os topónimos na documenta-

*Sarmiento toponomástico. O topónimo Mezquita*

ción medieval en latín ou en romance posibilitalle o camiño firme na reconstrución das evolucións dos topónimos e na explicación etimolóxica.

- c) A conciencia de que existe regularidade na evolución das «letras» do latín ó romance, tanto nos topónimos coma no léxico común vulgar. Nas fontes antigas verifica esas evolucións e a súa sistematicidade. Non sempre concede a importancia necesaria ó contexto fónico de cada «letra», pero os teoremas do seus *Elementos etimolóxicos* poden ser considerados sen dúbida como singular precedente, cun século de anticipación, das leis fonéticas definidas polos pioneiros da filoloxía científica.

O exame da documentación antiga confírmalle a Sarmiento o ilustre pasado do galego como lingua de cultura escrita. A pesar de que na súa época era unha lingua practicamente ágrafa («es poco o nada lo que hoy se escribe en gallego»), enchíao de satisfacción saber que se poderían cargar «muchos carros de instrumentos gallegos en Galicia, y que se escribieron en gallego, hasta los tiempos de Carlos V» (*Onomástico* 15 v.). Polas crónicas das súas viaxes, temos hoxe noticia precisa do seu trato cos tombos, becerros e coleccións documentais dos mosteiros por onde pasaba. Así, coñecemos data e pormenores do seu exame do arquivo de Lérez (*Viaxe de 1745*, 49r), do de Santa Clara de Pontevedra (id., 120v, 154v), do de Poio (id., 147r, 154v), do de Celanova (id. 187 r), do de Samos (id., 189r-189v) e moitos outros...

En Santiago [...] Registré el archivo de San Martín en donde estoy hospedado [...]. Hay muchísimos instrumentos góticos preciosos, y había más de cien de ellos, que se juzgaban inútiles. Registré el archivo de las monjas de San Pelayo o San Payo y entré dentro dos veces. Los más de los pergaminos, que son muchos, están en lengua gallega (id., 57r)

Registré algo del becerro de San Pedro de Montes, que es muy abultado, pues tiene 153 hojas de pergamino en folio, excepto las tablas. Es del siglo XIII, pero tiene escrituras añadidas. Contiene muchas escrituras en lengua vulgar, casi todo gallego del siglo XIII. (id. 196v)

A modernidade da actitude crítica de Sarmiento radica na súa insubmisión fronte a moitos prexuízos da época. Podemos supoñer que en boa medida debe esa actitude ó maxisterio do Padre Feixoo, con quen colaborou estreitamente na preparación dos diferentes volumes do *Teatro Crítico Universal*. Mais é posible afirmar que Sarmiento soubo superar algúns prexuízos ante os cales se detivo o seu mestre. Para o noso asunto interésannos particularmente dous. Un deles é o que podemos chamar prexuízo de clase. Fronte a ironía con que Sarmiento se refire ás cuestións das liñaxes e á elegancia cortesá (por exemplo nas súa réplicas a Nunes de Leão) ou a paixón con que defende as voces vulgares, poderíamos lembrar aquí, en contraste, os argumentos con que Feixoo xustifica no *Teatro Crítico* que certos cargos e dignida-

Gonzalo Navaza

des estean reservados á fidalguía. O outro prexuízo é o que atinxe a Galicia, a súa xente e á lingua, pois pódense contar cos dedos dunha man as referencias a estes temas en todos os volumes da mencionada obra do de Casdemiro. Na España do Antigo Réxime, as connotacións negativas que manchaban todo o relacionado con Galicia ofuscaban calquera achegamento á súa lingua. Sírvanos de mostra a *proposición necesaria* en que se apoia un coñecido tratado de retórica do *Siglo de Oro* cando nega, mediante unha *reductio ad absurdum*, o criterio de basear a *ilustración* dun vocábulo na súa proximidade ó latín:

...los mejores vocablos españoles son aquellos que más se llegan a la lengua latina. (...) Opinión es esta bien falsa, porque, si fuese cierta, debríamos admitir que este nombre *porta*, que se usa en Galicia, sería mejor vocablo que *puerta*, por ser más conforme al latín, lo cual es falso (Luis Alfonso de Carballo, *Cisne de Apolo*, 1602)

En Sarmiento, a apaixonada defensa de Galicia e da súa lingua lévao a superar eses dous prexuízos. Mais a propia paixón tamén o pode levar a pecar por exceso e incorrer en erros de signo contrario. Noutras comunicacións deste congreso faise referencia ás invectivas de Sarmiento contra Portugal, nunca desprovistas de ironía, nas cales o amor por Galicia pesa máis ca calquera vontade de xustiza ou obxectividade nas opinións. No campo concreto da toponimia, podemos sinalar dúas teimas do sabio bieito que en ocasións condicionan as súas interpretacións etimolóxicas. A primeira está estreitamente relacionada coa noción da proximidade ó latín como criterio para a *ilustración* dun vocábulo. Entre varias hipóteses etimolóxicas, Sarmiento tende a optar, case sen hesitación, pola que vincula o topónimo ó latín clásico, e especialmente cando se trata de formas documentadas nos xeógrafos latinos. Para as torres de Oeste, en Catoira, fronte a outras posibilidades que suxire (tamén latinas, vinculadas a *aestus*), opta finalmente pola que fai descender o topónimo das *Turres Augusti* clásicas (hoxe sabemos, pola documentación medieval que recolle o nomes desas torres –*dese castelo*, na fala local de Catoira–, que o nome corresponde ó *xeniti* vo dun poseedor medieval *Honestus*, pois figura como *Castellum Honesti*). No topónimo iriense de *Ponte Cesures*, Sarmiento dá por válida a explicación de *Ponte Caesaris* (que obrigaría a aceptar unha insólita alteración do vocalismo e ademais suporlle a mesma orixe ós distintos *Cesuras*, *Cesures*, *Cesuris* doutras áreas galegas). Para o carnotán monte *Pindo*, en fin, que a documentación medieval *Pnetu* fai identificar cun derivado colectivo de *PĪNU* mediante o sufixo *-ETU* (ou *sexa*, unha forma de orixe latina –cf. *SPINĒTU* > *Espindo*– que veu substituír o topónimo pre-romano orixinario, o cal sobreviviu na Idade media como nome do territorio e aínda persiste na actualidade como nome de dúas parroquias e mais do concello: *Camota*), Sarmiento non dubida da súa relación co homónimo grego, admitindo dividido como proba as nove formacións pétreas chamadas *musas*, que el mesmo vai visitar polo seu pé. Poderíamos citar outros exemplos semellantes. Resumindo, se unha explicación etimolóxica contribúe a dar lustre ó topónimo e a Galicia (e xa sabemos onde situaban os neoclásicos o foco dispensador de lustre), esa explicación acéptase sen maior vacilación.

*Sarmiento toponomástico. O topónimo Mezquita*

---

A segunda teima a que me referín ten que ver coa negación ou minimización do estrato árabe no galego. Para Sarmiento ese é o verdadeiro trazo diferenciador do galego e de Galicia fronte a outras linguas e rexións peninsulares. E non lle importa servirse de tópicos discriminatorios relacionados coa noción de *cristiano viejo*, con máis ironía ca outra cousa, para contrapoñer as formas galegas fronte ós *vocablos morunos*, as *voces arábicas o moriscas*, para xustificar a dificultade dos galegos para certas pronuncias castelás que *huelen a Mahoma* ou para chamar *lunares* ós *solares* orixinarios de liñaxes portuguesas meridionais.

Exemplifica esta actitude o tratamento do topónimo *A Mezquita*. Na viaxe de 1745 lemos:

Mezquita. Llamán así hacia Sotelo de Montes a la planta, que el latín llama *rusco*, la botica *brusco*, en Portugal gilbarbeira, en el Bierzo [picantel, en] Orense gilvarda o xilbarda y en Pontevedra gilbardeira, acaso de silva [y] de bardas, silbarda, gilbarda, [etc.]. Hay un lugar San Vitorio de la Mezquita hacia Orense, hay otro llamado San Martín de la Mezquita, cinco leguas hacia Viana del Bollo, en donde está la famosa casa de la Mezquita por alusión al nombre de la feligresía. Y siendo nombre de dos distantes, es muy verosímil que una y otra tomasen el nombre de la abundancia de la planta «mezquita», y no haya alusión ninguna a la mezquita de los moros como algunos (100 r.) creen. (Viaxe de 1745, 99v)

A hipótese de 1745 vai cobrar forza en obras posteriores. Son moitos os lugares onde se ocupa de *mezquita* ou *mesquita* como nome da planta, e sempre inclúe esa denominación nas relacións de nomes vulgares de *vexetables*. Pero o que en 1745 era só unha explicación «muy verosímil», xa é unha certeza no *Onomástico* (219r, 219v):

La voz *mezquita* es pura gallega, y significa aquel arbustillo que en latín se llama *ruscus* y en castellano *brusco*. Usase actualmente entre los vulgares en las montañas de *Pontevedra* y hacia la *Puebla del Dean*. Pero tierra adentro de Galicia está casi perdida del todo esa voz, y sólo se usa en nombres de lugares o sitios. Leí esa voz en dos instrumentos latinos de Galicia muy antiguos, y se llama *Met-quita*. Sábese que el *brusco* es muy *espinoso*, y al modo que una espinosa se llama *abrojo*: *abre ojo*, y otra se llama *abre-puño*, se diría el brusco, *mete-quita* al modo que si uno entrase o metiese la mano en una *mata de ortigos*, bien seguro es que presto la *retiraría*.

Al caso. Es muy noble en Galicia la *Casa de la Mezquita*. Pregunté a uno de esa casa porque se llamaba así, y respondió que aludía a una *mezquita* de *moros*. ¿*Mezquita* de *moros* en Galicia? dije yo. Primero creeré que en la *Casa de Meca* hay y hubo cristianos al coro. Todo procede de la ignorancia de la lengua gallega y de la *Historia Natural*. Hay

Gonzalo Navaza

una *feligresía* de San \* da *Mezquita*, y creo está hacia Viana del *Bollo*. Púsosele ese nombre por razón de la planta *mezquita*. (219 v.) En ese lugar está la casa de los que hoy poseen aquel dominio. Y como hoy hay en Galicia la casa *da Silva*, la casa del *Pino*, la casa del *Cereixo*, etc. se llamó la casa *dà Mezquita*. Y no hay más misterio ni más moros en esa voz *mezquita*, que muchos gallegos no entienden por no dedicarse a la Geografía y la Botánica de Galicia.

En Galicia existen tres parroquias co nome *A Mezquita*: unha coa advocación de San Pedro, no concello da Merca; outra chamada San Vitoiro da Mezquita, veciña dela nos concellos contiguos de Allariz e Taboadela, e outra, baixo a advocación de San Martiño, no concello igualmente chamado da Mezquita, onde tamén hai a entidade de poboación do mesmo nome. En resumo, un núcleo habitado, tres parroquias e un concello, que en realidade se poden computar como dous únicos topónimos: un a parroquia da Merca e outro o lugar, parroquia e concello da Mezquita, no extremo suroriental de Galicia. A parroquia allaricense de San Vitoiro é de creación posterior e toma o seu «apelido» da veciña parroquia da Merca, da que orixinariamente era anexo.

Non temos información suficiente acerca da orixe do lugar, parroquia e concello da Mezquita, estremeiro con Zamora e Portugal, mais imos ocuparnos aquí da orixe do nome da parroquia de San Pedro da Mezquita, no concello da Merca. As nosas pescudas lévannos a contradicir a opinión de Sarmiento e soste que o nome desta parroquia deriva do arabismo *mezquita* 'oratorio', mais non porque existise no lugar un oratorio musulmán, senón por outras razóns que veremos a continuación.

Abelardo Moralejo Lasso trata os topónimos gallegos *Mezquita* en dúas ocasións. Na primeira para mencionar esa forma entre os exemplos de arabismos na toponimia galega:

Durante el largo período latino-romance se depositó también en nuestra península un estrato de toponimia arábica que en algunas regiones de España y Portugal es bastante abundante, pero muy escasa en Galicia, naturalmente, y que quizá se deba más que a la permanencia o al paso por aquí de los árabes, a la venida de mozárabes de la España musulmana, como queda indicado que ocurrió en el reino leonés, ya que se trata en varios casos de vocablos que pasaron al romance gallego como al castellano y pudieron emplearse después como topónimos (Aldea, Alfoz, Almuzara, Mezquita, Talaya por Atalaya y otros). (*Toponimia gallega y leonesa*, 15)

E na segunda parece inclinarse pola mesma opinión, aínda que tamén recolle a interpretación de Sarmiento:

Mezquita es el nombre de una parroquia en Allariz, dos en la Merca y otra en Taboadela, todas en Orense como el conocido municipio y

*Sarmiento toponomástico. O topónimo Mezquita*

parroquia de La Mezquita. Acerca de su origen dice el P. Sarmiento en su *Onomástico etimol. de la leng. gall.*, 145: «es pura gallega y significa aquel arbustillo que en latín se llama *ruscus* y en castellano brusco». En cambio recientemente J Oliver Asín, *En torno a los orígenes de Castilla: su toponimia en relación con los árabes y beréberes*. Disc. de ingr. en la R. Acad. de la Hist. pág. 74-75, afirma el establecimiento de musulmanes en el NO de la Península, «pero eso sólo en el norte de Portugal y zonas limítrofes, sobre todo en Orense, provincia donde apreciamos algunos núcleos de mahometanos a través, por lo menos, de seis topónimos Mezquita (*Toponimia gallega y leonesa*, 334-335, nota 80).

Corominas e Pascual datan no século XI as primeiras atestacións do termo *mezquita* 'oratorio musulmán' en territorio romance. Saben que contradí esta datación un documento de Celanova de finais do século X, que veremos máis adiante, e onde precisamente aparece rexistrado *Sancto Petro de Mezquita*, mais non conceden excesivo creto á datación dese documento:

Un lugar chamado Sancto Petro de Mezquita aparece una vez en doc. de 986 transcrito en el Tombo de Celanova (Galicia). Pero no sendo escritura original es dudoso a qué fecha corresponde en realidade, pues hay razón de sobra para sospechar una interpolación posterior, en este dato cronológicamente aislado (DCECH, s.v. *mezquita*)

Coincido con eles nas sospeitas acerca da data do referido documento (que por outra banda non é 986, senón 989, é dicir, «era MXXXVII») polas razóns que logo se expoñen. Pero existen, ademais deste, outros documentos de Celanova que obrigan a anticipar a datación que dá o DCECH para a difusión do termo *mezquita* en territorio romance, e todos eles se refiren ó mesmo topónimo ourensán. Por orde cronolóxica:

villam quam vocitant Villare subtus sancto Petro de Mezquita (ano 989, Tombo de Celanova, nº 68)

villa de Villare, qui est subtus ecclesie vocabulo Sancto Petro de Mezquita (ano 1012, Tombo de Celanova, nº 548)

Et alia ibi que vocitant Sancto Petro de Mezquita, sic media cum adiunctionibus suis (ano 1041, Tombo de Celanova, nº 458)

villam meam propriam que fuit de avios meos nominata sancto Petro in Metquita (ano 1052, Tombo de Celanova, nº 67)

Os tres últimos refírense a unha disputa entre o mosteiro de Celanova e os herdeiros dun individuo chamado Vistrarius, Vistruarius ou Vistriarius, que ingresara a

Gonzalo Navaza

certa idade como confeso en Celanova e que anteriormente, na súa vida civil, exercera señorío ou posuía dereitos sobre terras correspondentes á actual parroquia de San Pedro da Mezquita. Logo da morte do *frater* Vistriario, outro Vistriario, sobriño seu, iniciou querela contra o mosteiro Celanova polo usufruto deses dereitos. Este sobriño apela ó rei Afonso (Afonso V) para que xulgue sobre a disputa, e o rei, en tanto non se pronuncia a favor de Vistriario ou de Celanova, envía a ese lugar un home de armas (*sagione*, no texto latino do documento que contén a información) para que ocupe esas terras coa súa xente e pase a señorealas de maneira provisional. A provisionalidade prolóngase no tempo e o mosteiro celanovense acabará por perder os dereitos. Dásenos brevísima noticia destes sucesos no mencionado documento do ano 1012, que leva un encabezamento ou título que reza: «De villa qui est sub-  
tus vocabulo Sancti Petri de Mezquita, et fuit ipsa villa de frater Astrarius (sic)»:

intemptio inter Vistrío (sic) supriño de alio frater Vistriario et domno Guttier preposito et fratribus monasterii Cellenove pro **villa de Villare, qui est subtus ecclesie vocabulo Sancto Petro de Mezquita**, quos fuit de frater Vistrario et concessit eam per scripturam firmitatis post parte Domini Sancti Salvatoris et monasterii Cellenove, pro remedium anime sue. Querellavit se ipse Vistrario in presentia regis domni Adefonsi pro ipsa hereditate ut mandasset ei eam adprehendere, et in suo iure eam relinquere. **Et ille rex mandavit suo sagione Sarracino ut prendidisset ipsa hereditate et tenuisset eam sanam usque quando devenissent ad concilio et abuissent unus cum alios veritatem** (ano 1012, *Tombo de Celanova*, nº 548)

Deixando á parte o documento de data máis antiga (989), os outros documentos e as propias datas que enmarcan o reinado de Afonso V (999-1027) levan a situar o inicio desa querela na segunda década do século XI. Na miña opinión, é no contexto desta querela cando comeza a aplicárselle a esta parroquia o nome de *San Pedro da Mezquita*, inicialmente no mosteiro de Celanova e o seu ambiente.

Esta hipótese cobra forza se un lugar de localización dubidosa que figura en documentos celanoveses do século X co nome de *Ecclesiola* ou *San Pedro de Ecclesiola* é a mesma que logo pasou a chamarse San Pedro da Mezquita. Non se opón a esa identificación a sucinta información adicional que nos fornece un deses documentos cando localiza esa *Ecclesiola* no val do río Arnoia:

in ripa Arnogie villa quam dicunt Eclesiola mediam (ano 941, *Tombo de Celanova*, nº 48)

O editor do tomo de Celanova, J. M. Andrade, tamén identifica esa *Ecclesiola*, coa cautela do adverbio «prob.» (‘probablemente’), co lugar da Igrexa, na actual parroquia de San Pedro da Mezquita, concello da Merca (*Tombo de Celanova*, vol. II, Índice toponímico, p. 813).



---

*Sarmiento toponomástico. O topónimo Mezquita*

---

Se esa identificación é certa, debemos admitir como moi verosímil a posibilidade de que a nova denominación respondese en orixe a unha intención burlesca ou ridiculizante, con toda probabilidade estimulada polo nome do saión ou home de armas que ocupou o territorio por decisión do rei, en contra dos intereses do mosteiro. En mans de Sarracino, o lugar de *Sancto Petro de Ecclesiola* pasa a chamarse *Sancto Petro de Mezquita*. É certo que o nome *Sarracino* non significa necesariamente que fose musulmán o personaxe así chamado, pero no contexto das guerras dos reinos cristiáns contra os sarracenos ( lembremos que estamos nos anos das incursións de Al-Mansur ou Almanzor) é de crer que o simple nome estimúlase a asociación de ideas.

Seguindo esta liña argumental deberíamos considerar falsa a data do mencionado documento de 989, e se non todo el, polo menos o contexto en que aparece o nome de *Sancto Petro da Mezquita*, que podería ser unha interpolación destinada, precisamente, a reforzar as aspiracións de Celanova sobre o lugar. Todo o documento trata dos dereitos que o confeso Vistruario cede a Celanova no momento de ingresar como *frater* por esas datas do século X, o que vén reforzar a sospeita de que o documento ou a interpolación foron creados no mosteiro máis tarde, nas primeiras décadas do XI, con posterioridade á morte do frater Vistriario, logo do inicio da querela do Vistriario sobriño e a subsecuente ocupación do lugar por Sarracino, enviado polo rei. En calquera caso, como dixemos, os documentos de principios do XI obrigan a anticipar en varias décadas as primeiras atestacións de *mezquita* en territorio romance que aparecen no DCECH de Corominas-Pascual.

En resumo, o nome da parroquia de San Pedro da Mezquita, no concello da Merca (e indirectamente a de San Vitoiro da Mezquita, en Allariz, que toma o seu nome dela) sería en orixe unha denominación burlesca dun lugar chamado San Pedro *de Ecclesiola*. De non ser pola querela de Vistriario e a ocupación de Sarracino, que suscitaron a alteración do nome, o lugar chamaríase hoxe San Pedro de Grixoá.

Deixamos para outra ocasión o exame da posibilidade de que a abundancia actual do apelido *Cid* nesa mesma zona (Allariz e os concellos veciños constitúen a área de maior densidade) poida ser así mesmo outra consecuencia onomástica dos mencionados feitos de comezos do século XI. No apelido *Cid* de hoxe (e nas formas *Cide*, *Cidi* con que tamén aparece na documentación antiga) conflúen aparentemente un patronímico en xenitivo a partir do nome altomedieval *Citus* e mais o arabismo procedente de *sidi* ('señor').

Gonzalo Navaza

---

#### BIBLIOGRAFÍA

- Andrade, J. M. (1995): *O tombo de Celanova*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- Carvalho, Luis Alfonso de (1997): *Cisne de Apolo*. Edición, introducción y notas de Alberto Porqueras Mayo. Kassel: Reichenberger.
- Corominas, J. & Pascual, J.A. (1981): *Diccionario Crítico Etimológico Castellano e Hispánico*. Madrid: Gredos. [DCECH].
- Moralejo Lasso, Aberlardo (1977): *Toponimia gallega y leonesa*. Santiago de Compostela: Ed. Pico Sacro.
- Sarmiento, Fr. Martín (1975): *Viaje a Galicia (1745)*. Ed. de J. L. Pensado. Salamanca: Museo de Pontevedra - Universidad de Salamanca.
- Sarmiento, Fr. Martín (1998): *Elementos etimológicos según el método de Euclides*. Ed. de J. L. Pensado. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza [inclúe tamén os *Apuntamientos para un discurso apologético sobre etimologías e mais o Discurso apologético por el arte de rastrear las más oportunas etimologías de las voces gallegas*].
- Sarmiento, Fr. Martín (1999): *A viaxe de Fr. M. Sarmiento a Galicia en 1754*, Edición e estudo de X. L. Pensado. Galicia desde Salamanca, 2, Salamanca - Santiago de Compostela: Área de Galego-portugués e Lectorado Galego de Salamanca (Universidad de Salamanca) e Dirección Xeral de Política Lingüística (Xunta de Galicia).
- Sarmiento, Fr. Martín (1999): *Onomástico etimológico de la lengua gallega*. Edición y estudio por J.L. Pensado. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.

#### NOTAS

1. Viñas Cortegoso, Luís, *Vida y viajes literarios, número y calidad de los escritos del Rvdmo. P. M. Fray Martín Sarmiento*, Ed. Monterrey, Vigo, 1952, pp. 16.